

SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL DOCE.

No Concello de Lán cara, sendo as doce horas do día vinte e nove de febreiro de dous mil doce, reúnese no Salón de Sesións o Concello Pleno, para tratar os asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres. Concelleiros: D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. José Manuel Neira Castro, D. Andres Manuel Caballero López , D. José Manuel Alvarez Rodríguez, D. Dario Antonio Piñeiro López, D. Pablo Rivera Capón , D. José Manuel García Aldegunde , D. Oscar Rodríguez Somoza, D. Carlos Fernández Díaz e D. Carlos Santiago López Sierra.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia, dase conta dos seguintes asuntos:

1º- LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2011.

2º.-DECRETOS 274 A 294 ANO 2011 E 1 Ó 32 ANO 2012.

3º.-ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS.

4º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL, Nº 1/2012.

5º.-ESCRITO DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA, COMUNICANDO O PLAN DE TRABAJO PARA O ANO 2012.

6º.-CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, SOBRE LIMPEZA NOS RIOS, DENTRO DO TERMINO MUNICIPAL DE LANCARA.

7º.-PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL., DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA.

8º.-ESCRITO DE ALVARO LÓPEZ RIBADA, SOBRE ATASCO NA CANALIZACIÓN DOS BAIXOS “A” E “B” DO EDIFICIO RÍO NEIRA Nº 1 POBRA DE SAN XIAO.

9°.-CEMENTERIO MUNICIPAL:
A)SEGREGACIÓN DE TERRENOS CECIDOS.
B)CLASIFICACIÓN DE BEN PATRIMONIAL, CON DESTINO A CEMENTERIO MUNICIPAL.

10°.-PUNTO LIMPIO:
A)SEGREGACIÓN DE TERRENOS CECIDOS.
B)CLASIFICACIÓN DE BEN PATRIMONIAL, CON DESTINO A PUNTO LIMPIO.

11°.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2011.

12°.-ABASTECIMIENTO DE AUGAS A TOUVILLE E MOURILLÓN: REQUERIMENTO A DEPUTACIÓN PARA QUE REMATE E ENTREGUE A OBRA.

13°.-PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FEIRAS SOBRE A CELEBRACIÓN DA XIV FEIRA DA TENREIRA GALEGA.

14°.-ROGOS E PREGUNTAS.

1°- LECTURA E APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2011.

Visto o borrador da acta de sesión celebrada o día vinte de decembro de dous mil once, por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López quere manifestar que si o Sr. Depositario non devolveu as dietas cobras indebidamente ó coincidir Xunta de Goberno e días de Depositaria, e non ser compatible, e ademais é o Pleno quen debe trocar os días, porque foi quen llos asignou, e non a Xunta de Goberno Local.

Unha vez feita esta incidencia o borrador foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

2°.-DECRETOS 274 A 294 ANO 2011 E 1 Ó 32 ANO 2012.

Vistos os decreto nº 274 a 294, do ano 2011 e 1 ó 32 do ano 2012, ambos inclusive.

Polo Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López quere manifestar que o Decreto Nº 24 sobre gasóleo do mes de decembre que se desglose o gasto por vehículo no mes de decembro, xa que e un mes con moitos festivos, e o trator non anduvo desbrozando e parecelle un gasto excesivo, querendo saber os gastos correspondentes a D. Jesús López Carreira, xa que non lles consta de que se trata.

Por parte do Sr. Alcalde di que posiblemente sepa o Sr. Secretario de que vai ese gasto.

Polo Sr. Secretario constestase que é a persoa contratada sobre consumos e aforros dos alumeados municipais, técnico que se acordou contratar na Xunta de Goberno Local, a finais do ano 2010 e que se acordou non continuar con este contrato a

finais do ano 2011, pola Xunta de Goberno Local, polo que neses borradores están os acordos.

O Pleno dase por enterado dos mesmos, acordando remitirille o desglose solicitado.

3º.-ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS.

Visto o expediente epigrafiado.

Por parte do voceiro do PSG-PSOEponse de manifesto o que xa dixo na sesión anterior que non lle parece lóxico que se suban impostos, polo que o seu partido vai votar en contra, postura que ratifica o voceiro do BNG.

Visto o estudio económico.

Visto que case a totalidade dos Concellos teñen unha ordenanza por este concepto con un tipo superior.

Visto que segundo a lexislación vixente os servizos non deben ser deficitarios.

Sometido o asunto a votación o Pleno por maioría absoluta o votar a favor os 5 Concelleiros do P.P. a 1 do CDL e en contra os 4 Concelleiros do PSG-PSOE e 1 Concelleiro do BNG,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación inicial a ordenanza reguladora pola tasa sobre licenzas urbanística.

2º.-Expoñelo ao público polo prazo de 30 días hábiles no B.O. da Provincia, ó obxecto de examen e reclamacións.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

4º.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL, Nº 1/2012.

Vistas as facturas correspondentes o **mes de decembro de 2011**:

Singla, fac. nº F/2011/135, CIF:B15678626, honorarios proxecto “mejora red de abastecimiento en Lán cara	5.018,51
Jesús López Carreira, fac. nº 79, NIF:09365510-W, asesoría enerxética (11 mensualidad de 12).....	708,00
Terras do Miño, recibo nº 123, NIF:Q-7755038-B, cuota ano 2011 ..	1.202,02
Canon, fac. nº 1107476, CIF:A27142462, copias Xulagado de Paz e planta baixa do Concello.....	227,60
Canon, fac. nºa254, CIF:A27142462, copias Xulagado de Paz e planta baixa do Concello.....	-227,61
Canon, fac. nº 1107339, CIF:A27142462, copias Xulagado de Paz e planta baixa do Concello.....	-312,16
Jesús y Páramo S.L., fac. nº 61, CIF: B-27229921, traballos na praza Ribeira, Vilarello e retirada escombros.....	696,20
Ofimática Lugo,S.L., fac. nº A9008330, NIF: 27117183, fotocopias Máquina Concello	109,85
Setramur S.L., fac. nº 992, CIF:B27147776, sinais para o Concello	768,68

Salvador Diz Cerviño, fac. nº 709,NIF:33858098M, honorarios	
Mes de decembro	503,86
Arturo Rivera Díaz, CIF:34220067-T, fac. nº 329, vestuarios segu- ridade e materiais servizo de augas	342,90
Limpergal, CIF: B-27141159, fac. nº 20778, limpeza canalización entre Rua Orense e depuradoras	1.168,20
Limpergal, CIF: B-27141159, fac. nº 20778, limpeza canalización 22-12-11	1.038,40
Rebuldeira Teatro, CIF-G-27418565, fac. nº 11, representación Teatral o 19-11-2011dentro do proxecto Buxiganga.....	25,00
Walter Vázquez Doval, NIF:33346400-B, fac. nº 16, parrilla para Armea,Toldaos, Reboredo e repación barandilla en Armea Abaixo.	1.251,98
Total	12.833,60

FACTURAS APROBADAS E NON RECOÑECIDAS:

Servicios Mosteiro Puebla S.L., CIF:B-27213446, fac. nº 1038, cristais para Club Fluvial de Pobra de S. Xiao	55,15
Wurth,S.L, CIF:B-15326036, fac. Nº 555, wintask contabilidade	1.987,79
Wurth,S.L, CIF:B-15326036, fac. Nº 551, wintask augas	779,52
Moleskine,S.L.L., CIF:B27361955, fac. nº 2431, subcarpetas A4	656,08
Canon, CIF:A27142462, fac. nº 1106738, ampliación garantía fotocopiadora Xulgado	330,40
Diurbagal Galicia, CIF:B-27314541, fac. nº A/50, chaveiros para Concello	731,01
Interdix Galicia S.L., CIF:B27256874, fac. nº A/2011288, difusión de temas Concello en Galicia dixital	295,00
Ofimatica Lugo,S.L., CIF:B27117183, fac. nº A 9008099, copias fotocopiadora Concello.....	128,08
Dunid S.L., CIF:B27111715, fac. nº 1819, mantemento novembro	253,70
Foga, CIF: B-15490667, fac. nº 95007038, copias impresora 01-09-2011 a 30-11-2011	1.214,00
Antonia Gómez Domínguez, NIF: 76726990-W, fac.Nº A10318, calendarios para o Concello.....	2.813,12
Imprenta Galicia S.L. CIF:B27371210, fac. nº 1104160, axendas para o Concello	1.638,05
Correos e Telégrafos, CIF:ESA83052407, fac. nº 4000826876, Correspondencia mes de novembro de 2011	314,24
TOTAL.....	11.196,14
TOTAL RECOÑECIMENTO	24.029,74

Por parte do voceiro do P.P. José M. Neira Castro explicase que estas facturas ó non poder pagalas con cargo ó orzamento 2011, teñen que ser recoñecidas con cargo ó orzamento do presente ano, (Remanente de Tesourería) a traves de Suplemento de Crédito.

Por parte do voceiro do PSG-PSOE pon de manifesto que hai facturas que lle parecen unha auténtica salvaxada, acabamos de aprobar a ordenanza da tasa sobre licenzas urbanística, cando o Sr Alcalde mercou 210 chaveiros para celebrar o seu

cumpleanos, igualmente considera abusivo o número de axendas que se mercaron, así como os calendarios que se mandaron as casas e que agora todo hai que pagar e temolo que pagar os veciños e incluso considera que a factura non é legal e que non se debe pagar.

Por parte do Sr. Alcalde contestaselle que son uns gastos para mercar uns detalles que se fan en tódalas corporacións e en concreto os chaveiros a parte dos Concelleiros e Traballadores era un para os pedaneos e o resto estan ehí, eu non levei nada.

Sometido o asunto a votación o Pleno por maioría absoluta o votar a favor os 5 Concelleiros do P.P. a 1 do CDL e en contra os 4 Concelleiros do PSG-PSOE e abstendose o Concelleiro do BNG,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación ó recoñecemento extraxudicial 1/2012, por importe de: 24.029,74 €, correspondente as facturas relacionadas anteriormente, con cargo o remanente de Tesorería, Suplemento de Crédito Nº 1/2012.

2º.-Expoñelo ó público no B. O.P.

3º.-Pagar ditas facturas preferentemente, con cargo ó orzamento do 2012, antes dos gastos corrientes do ano 2012.

5º.-ESCRITO DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA, COMUNICANDO O PLAN DE TRABALLO PARA O ANO 2012.

Visto o escrito do Concello de Contas polo que solicita aclaración a cerca do cumprimento dos prazos previstos para o cumprimento da Entidade (art. 4 Lei 15/2010 de 15 de xullo de modificación da Lei 3/204 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais).

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Darse por enterado do contido de dito escrito e que se dé cumprimento ó mesmo.

6º.-CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, SOBRE LIMPEZA NOS RÍOS, DENTRO DO TERMINO MUNICIPAL DE LANCARA.

Visto o escrito epigrafiado.

Visto que o acordo tomado por este Pleno referíase a que os traballos de limpeza en varios ríos do Municipal de Láncara se fagan por persoal e con cargo a Confederación Hidrográfico do Miño-Sil, xa que as autorización para sacar puntualmente algunha árbore xa se fixo de forma separada.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Reiterar novamente que os cauces dos ríos deben ser limpos pola Confederación, xa que o Concello carece de medios materiais e persoais para facer estes traballos, ademais de non ser unha competencia propia do Concello.

2º.-Aproveitar esta autorización para retirar dúas árbores caídas, augas arriba, da ponte sita na praia fluvial de Pobra de S. Xiao, e unha árbore na presa de Valdriz, sita en Pobra de San Xiao, para evitar graves danos como sucederon no ano 2010.

3º.-Este Concello non será responsable de ningún dano nin prexuízo que poida derivarse do mal estado dos ríos, ó tratarse dunha competencia propia e específica da

Confederación Hidrográfica Miño-Sil, quen debe ser responsable directa ou subsidiariamente o Estado.

4º.-Facultar ó Sr. alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

7º.-PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA.

Visto o expediente epigrafiado.

Por parte do voceiro do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López, pon de manifesto que o documento ten moitas deficiencias e incluso hai edificacións no medio rural que deberían constar nos planos e non se recollen , incluso outras irregularidades no medio rural das que se poden derivar responsabilidades, polo que o seu partido non quere ter responsabilidade algúnha sobre estas irregularidades, non obstante non van votar que non o Plan Xeral por que leva moito tempo preparándose e non é cuestión de retrasalo máis, pero tampouco poden votar a favor polo que deixan dito anteriormente.

Sometido o asunto a votación o Pleno por maioría absoluta o votar a favor os 5 Concelleiros do P.P. a 1 do CDL e abstendose os 4 Concelleiros do PSG-PSOE e 1 Concelleiro do BNG,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación ó documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Láncara, que servirá para aprobación definitiva.

2º.-Remitir xunto co documento aprobado, o expediente completo a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

3º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

8º.-ESCRITO DE ALVARO LÓPEZ RIBADA, SOBRE ATASCO NA CANALIZACIÓN DOS BAIXOS “A” E “B” DO EDIFICIO RÍO NEIRA Nº 1 POBRA DE SAN XIAO.

Visto o expediente epigrafiado.

Despois de discutir longamente o asunto o Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Pagar a obra feita dende o edificio ó entronque da rede xeral, pero non as obras interiores no edificio.

2º.-Nomear para facer a valoración económica, os técnicos do Concello D^a Mercedes Maseda Martínez e D. Marcos Vázquez Marey.

9º.-CEMENTERIO MUNICIPAL:

A)SEGREGACIÓN DE TERRENOS CEDIDOS.

B)CLASIFICACIÓN DE BEN PATRIMONIAL, CON DESTINO A CEMENTERIO MUNICIPAL.

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que é necesario segregar o terreno cedido para construción do Cementerio Municipal do Monte Castal Vello, para a autorización do Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

Visto que estes terrenos deben clasificarse como bens patrimoniais, segundo se contempla no artigo 2 e 6 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por R.D. 1372/1986 de 13 de xuño.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Ratificar o acordo Plenario de data 8 de agosto de 2002 no punto 8 da orden do día.

2º.-Segregar da parcela 1461, do polígo 4, 4.000 m2 segundo plano que obra no expediente, lindando por tódolos ventos, agas polo Suroeste, co resto da finca matriz, facendoo polo Suroeste con vía pública, para destinalo a construcion de cementerio municipal e zona de aparcadoiros, para actos que se celebren no cementerio.

3º.-Clasificar os terreos cedidos e segregados como bens patrimoniais.

4º.-Fcultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

10º.-PUNTO LIMPIO:

A)SEGREGACIÓN DE TERRENOS CECIDOS.

B)CLASIFICACIÓN DE BEN PATRIMONIAL, CON DESTINO A PUNTO LIMPIO.

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que é necesario segregar o terreno cedido para construción do punto limpo do Monte Castal Vello, para a autorización do Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Visto que estes terrenos deben clasificarse como bens patrimoniais, segundo se contempla no artigo 2 e 6 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por R.D. 1372/1986 de 13 de xuño.

O Pleno por unanimidade

ACORDOU:

1º.-Ratificar o acordo Plenario de data 10 de maio de 2002, punto 10 da orden do día.

2º.-Segregar da parcela 1461, do polígo 4, 2.000 m2 segundo plano que obra no expediente, lindando por tódolos ventos, agas polo Norte, co resto da finca matriz, facendoo polo Norte co camiño público de Muro e en parte coa estrada provincial de Pobra de San Xiao a Carracedo, para destinalos a finalidade para a que foron cedidos.

3º.-Clasificar os terreos cedidos e segregados como bens patrimoniais.

4º.-Fcultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

11º.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2011.

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que a liquidación está presentada dentro de prazo e aprobada pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 27-02-2012.

Polo voceiro do PSG-PSOE D. Dario A. Piñeiro López, ponse de manifesto que o balance da liquidación do presuposto, presenta un deficit de 199.00,00 €, ademáis deso acabamos de aprobar un suplemento de crédito que incrementa máis este deficit, si se metera dentro do exercicio, polo que considera que este ritmo de gastos vamos moi mal.

O Pleno queda enterado da liquidación.

**12°.-ABASTECIMIENTO DE AUGAS A TOUVILLE E MOURILLÓN:
REQUERIMENTO A DEPUTACIÓN PARA QUE REMATE E ENTREGUE A
OBRA.**

Visto o expediente epigrafiado.

Visto que do incumprimento dos prazos e da conservación das obras e responsabilidade directa do Sr. Director da obra, da empresa adxudicataria e subsidiariamente da Deputación.

Polo Sr. Alcalde informase que no día de hoxe veu persoal da Deputación e representantes da empresa Espina Obras Hidráulicas , para ver o estado da obra, xa que a empresa Cotragua encargada de executar as obras quebrou (está en concurso de acreedores), para ver si é viable poder rematar a obra a través dunha cesión , informase igualmente que esta situación está provocada polo técnico director das obras, quen no día de hoxe nin se dignou a vir a ver as obras, pero este non ten vinculación co Concello, polo que é a Deputación quen lle deben pedir as responsabilidades oportunas.

Despois de discutir longamente este asunto e tendo en conta o gran interese que teñen tódolos membros da Corporación en que este servizo se poida a funcionar,

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU :

1°.-Deixar este asunto sobre a mesa en espera da contestación que se nos de como consecuencia da xuntanza que se celebrou hoxe, por parte da Deputación, instando este Organismo que este asunto debe solucionarse o antes posible en base o prexuízo que se lles está causando os veciños e a situación que se prevee que se produza no futuro pola seca que se aveciña, colaborando este Concello en todo o que selle pediu, incluso facendo obras a maiores.

2°.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

**13°.-PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FEIRAS SOBRE A
CELEBRACIÓN DA XIV FEIRA DA TENREIRA GALEGA.**

Vista a proposta que copiada literalmente di:

“DON JOSE M. NEIRA CASTRO, Concelleiro de Feiras e Merados,

E X P O N: Que o proximo día un de maio martes corresponde celebrar a XIV edición de tenreira galega, polo que propón ó Pleno que se acorde organizar esta edición, onde tódolos componentes e membros desta Corporación participen e colaboren na organización deste evento, para o caso que este Pleno acorde facer a mesma.

Tendo en conta a situación económica pola que pasa o Estado e demais Administracións Públicas, situación que tamen afecta esta Corporación, propón que se debe reducir o gasto total en relación a nos anteriores.

Redución que se debería facer en invitacións, pago por asistencia de ganado ó acto, aportación do Concello para a comida, publicidade, orquestas, etc.

E canto teño que propoñer ó Pleno”.

Por parte do voceiro do PSG-PSOE, pon de manifesto que esperando que se cumpra o que se propon no escrito, que o seu grupo vai votar a favor, en base ó aforro do proposto.

O pleno por unanimidade,

ACORDOU:

Que se faga a XIV feira da tenreira galega.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

Por parte do voceiro do PSG-PSOE pide que se declare de urxencia a moción que el presentou dentro de prazo sobre o camiño da fonte en Villádiga.

Por parte do Sr. Alcalde respostalle que non se vai admitir esta declaración de urxencia xa que non é un asunto de Pleno, senon de Xunta de Goberno Local,

Sometido o asunto a votación:

Votos a favor 5 : 4 do PSG-PSOE e 1 Concelleiro do BNG.

Votos en contra 6: 5 Concelleiros do P.P. a 1 do CDL

Quedando por conseguinte rexeitada a Declaración de Urxencia.

14°.-ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

Polo Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, roga que se lle de licenza os veciños de Villádiga para o camiño da Fonte, en base a moción e certificación de obra que presente, pasando a explicar o contido.

Reiteraselle o Sr. Alcalde que eso e competencia da Xunta de Goberno Local.

Pasando D. Dario A. Piñeiro López a rexistralo, para que sexa tratado pola Xunta de Goberno Local.

Polo Concellerío D. Carlos S. López Sierra roga que se limpe e acondicione o monolito de Trasliste, xa que presenta un estado de abandono.

Por parte do Sr. Alcalde respostalle que en primeiro lugar non lle parece normal que poña unha nota de prensa como a que saliu no Progreso porque este Concello cando se preparou o punto de depósito de plásticos xa adecentou todo o entorno do monolito e que o estado de abandono e por culpa dos veciños, ademais está nun terreno que non é do Concello, polo tanto o Concello non pode facer máis elí porque non hai autorización dos propietarios e cando se teña autorización que se estudiará.

PREGUNTAS:

Polo Concelleiro D. Pablo Rivera Capón pregunta ¿Sobre o escrito presentado o 26-10-2010, relativo ó camiño de Ribón en Toiran?

Por parte do Sr. Alcalde respostaselle que xa se fixo unha memoria valorada pero o problema son os cartos, ademais si é o camiño o monte que se usa para sacar a madeira o normal é que se arranxe cando se saca a madeira e que o faga a comunidade de montes xa que non é público.

Por parte do Concelleiro D. José M. García Aldegunde replicaselle que o camiño é moi necesario.

Polo Concelleiro D. Pablo Rivera Capón pregunta sobre ¿A situación do Cuartel da Garda Civil?

Por parte do Sr. Alcalde respostaselle que referente ó Cuartel novo non hai nada e referente a actual Casa do Cuartel rematou o contrato e a propietaria quere que lle paguen 300,00 € de aluguer ó mes , e parcelle que está todo arranxado.

Polo Concelleiro D. Andres Caballero López, preguntalle a Dario A. Piñeiro López ¿Qué pasou cos 1.400.000,00 € que o Sr. Subdelegado do Goberno no ano 2009 dixo que estaban reservados para o Cuartel da Garda Civil de Pobra de San Xiao e que o día da data non se sabe nada deses cartos?.

Respostaselle por parte de Dario que en outubro de 2010 houbo unha moción de censura e que o goberno que saíu desa moción non se preocupou máis, xa que para ese cuartel había un proxecto e máis xestións feitas que logo non se continuaron.

Replicaselle por parte de Andres que eso é demagogía, xa que os cartos eran do Estado e non do Concello.

Polo Concelleiro D. Andres Caballero López, pregunta ó PSG-PSOE ¿Cal foi o goberno que o pobo reclamou nas urnas?.

Respostalle Dario que o non sacar ningún maioría absoluta debía entenderse que o pobo quería un troco, xa que había algún partido dos que estan no goberno que decía que quería un troco que non querían os vellos, pero o final vendeuse por 1.000,00 € ., replicando por alusión ó Concelleiro Carlos Fernández Díaz que el nunca fixo esa afirmación, nin se vendu a ninguén.

Replicaselle por Andres que o partido máis votado, con moita diferenza, foi o P.P., polo tanto é o que debe gobernar.

Polo Concelleiro D. Andres Caballero López, preguntalle ó Concelleiro Pablo Rivera Capón ¿Si el pode afirmar que eu cobro neto 1.190,00 €.?.

Facendolle entrega Andres da copia dunha nómina para demostrarlle que cobra neto 970,25 €, polo que esta mentindo na información dada no boletín informativo do partido.

Polo Concelleiro D. Andres Caballero López, preguntalle a Dario ¿Por qué andivo falando nas matanzas, na prensa, no boletín e en todas as xuntanzas que asistiu que ía convocar un Pleno Extraordinario, porque non o convocou, porque ten medo?.

Contestalle Dario que non lle ten que informar porque non convocou un Pleno Extraordinario, pero que non é por motivo de ter medo a nada

Polo Concelleiro D. Andres Caballero López, preguntalle ó Grupo Socialista que segundo publican no boletín informativo que alternativas culturais ofertan os veciños, pregunta cales son.

Contestaselle por Pablo que fixeron o quilómetro cero.

Replicandolle Andres que eso é da Deputación e que non o fai o Grupo Socialista de Láncara , que non serve para nada e é un engaña bobos.

Polo Concelleiro D. Pablo Rivera Capón, manifestas que lle parece patético que o equipo de goberno faga preguntas.

Pasando o Concelleiro D. Andres Caballero López a informarlle cales son as actividades que ofrece o actual goberno os veciños de Láncara gratis, xustificando debidamente o sueldo que ten asignado o Concelleiro de Cultura :Ximnasia para adultos, ximnasia rítmica para pequenos, patinaxe, teatro, fútbol sala,babington, campamento de verán do 1 o 15 de agosto, inglés, entroido,

Continua preguntando Andres a Pablo, candidato ó Senado nas últimas eleccións, inda que non o viu en ningunha lista ¿Qué lle pareceu o resultado desta eleccións e en que papeleta aparece o seu nome como candidato ó Senado?.

Respostaselle por Pablo que referente ó resultado foi o que foi e no referente a aparecer nunha papeleta, significa que ten pouco coñecemento sobre este tema, xa que o ir na lista de suplentes no Senado non aparece nas papeletas.

Polo Concelleiro D. Andres Caballero López, preguntalle a Pablo que según di no boletín que lle produce dor que axa políticos preocupados polo seu soldo en lugar de traballar, gustárame saber ¿si a vostede lle produce a mesma dor cando vostede cobra 2.877,00 € ó mes?. Replícalle Pablo que non cobra esa cantidade, informandolle novamente o Concelleiro Andres que vostede é asesor do Presidente da Deputación e ten unha asignación anual de 34.527,00 € , divida eso por 12 e verá o que resulta que son 2.877,00 € o mes, 400.000 pesetas.

Finalmente Andres reprochalle a Dario que no boletín critican ó Sr. Alcalde por cobrar 500,00 € de dietas e Comisión de Goberno o mes e vostede no ano 2007 de maio a decembro costoulle 1.728,00 € mensuais, e critica o actual Alcalde por 500,00€, pouca vergoña ten.

E non habendo máis asuntos que tratar dase por rematada a sesión, por orden do Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.